



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



MERCEDES PEREIRAS CALDELAS SECRETARIA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

CERTIFICO: Que o **PLENO DO CONCELLO** en sesión **ORDINARIA** celebrada o día **trinta de abril de dous mil vinte e cinco**, adoptou , entre outros, o seguinte acordo, cuxa parte dispositiva é a seguinte:

“2º.- Aprobación inicial, se procede, da modificación do Regulamento municipal para a concesión de condecoracións, honores e distincións do Concello de Vedra (Expediente núm. 2025/G014/000001)”

O pleno do Concello de Vedra en sesión celebrada o día 19.09.1997 aprobou o Regulamento Municipal para a concesión de condecoracións, honores e distincións do Concello de Vedra.

Proponse ao pleno:

PRIMEIRO.- Modificar o Capítulo V.- Da Medalla de Vedra, que quedaría coa seguinte redacción:

Artigo 11.1 “1.-A medalla de honor, que só se poderá outorgar a El Rey, Presidente do Goberno, da Xunta ou Ministros, consistirá nunha medalla de ouro e brillantes co escudo municipal, no anverso e no reverso, no borde superior a inscrición referida ao grado de nomeamento, no centro “Concello de Vedra” e no borde inferior o nome do/a beneficiario/a. Terá forma ovalada de 45 mm de altura e 35 mm de anchura, con argola e asa, e irá pendente dunha cinta de seda de cor verde, igual ao do escudo heráldico municipal. As medallas de ouro, prata e de bronce serán acuñadas no correspondente metal, e o mesmo deseño que a de honor. Cando se trate de algunha entidade ou corporación, a cinta será substituída por unha gravata da mesma cor, para que poida ser enlazada á bandeira ou insignia que deba de ostentala. A medalla miniatura ou distintivo de solapa será idéntica á Medalla, salvo nas súas dimensións, que son 18 mm de altura e 14 mm de anchura, con cinta e pasador argola”

Art. 13.º.2 “O diploma será estendido en deseño artístico”

SEGUNDO: Someter o presente acordo á información pública e audiencia ás persoas interesadas por prazo de 30 días hábiles, co fin de que poidan presentar as reclamacións ou suxestións que estimen pertinentes, coa publicación de anuncio no Boletín Oficial de Provincia, e na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>).

Simultaneamente o texto íntegro da modificación estará a disposición para a súa consulta na paxina web do concello, na sede electrónica municipal (<https://sede.vedra.es>) e no portal de transparencia (https://sede.vedra.es/sxc/es/portal_transparencia/Relevancia_Juridica/Documentos_Sometidos_Informacion_Publica/InformacionPublica.html)

TERCEIRO : Publicar o acordo definitivo e o texto íntegro da modificación do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia (BOP), sen que entre en vigor ata que se leve a cabo a dita publicación, de conformidade co disposto no artigo 70.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local.

Posta a votación a citada proposta apróbase por unanimidade dos asistentes”



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



E para que conste e aos efectos oportunos coa excepción establecida no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido esta certificación en Vedra, co visto e praxe do Sr. Alcalde -Presidente, o dous de maio de dous mil vinte e cinco